

# CONCURSO

## gústame o galego

### nos centros de ensino

#### cartel BD conto ilustrado

#### rap/regueifa microrrelato

#### BASES XERAIS

##### Ámbito

O concurso *Gústame o galego* realízase nas escolas infantís, escolas e centros de educación infantil e centros de todos os niveis do ensino obrigatorio, de bacharelato e de formación profesional do ámbito territorial do concello de Vigo; así como na Universidade de Vigo nos tres campus de Vigo, Pontevedra e Ourense.

##### Categorías

O concurso divídese nas seguintes categorías e disciplinas:

**Infantil.** Concurso de vídeos.

**Primaria**

- 1º ciclo: carteis
- 2º e 3º ciclo: banda deseñada e conto ilustrado

**Educación Secundaria Obligatoria.** Banda deseñada, conto ilustrado e vídeo de rap ou regueifa.

**Bacharelato e FP.** Banda deseñada, microrrelato e vídeo de rap ou regueifa.

**Universidade.** Concurso de viñetas.

##### Normas comúns

En todas as categorías deben respectarse as seguintes normas, ademais daquelas regras específicas que ditaremos máis adiante para cada categoría e disciplina en particular:

- As creacións deben aterse á finalidade xeral da campaña *Gústame o galego*, que é a visibilización do apoio ao fomento da lingua galega, así como ao ton positivo e propositivo desta.
- Non deben incluír contidos que poidan resultar ofensivos para ninguén.
- Incluirán un dos lemas que se indican ao final destas normas, ben no título, ben no propio contido.
- Salvo para a universidade e as escolas infantís e centros de ensino infantil, haberá 2 fases de concurso:

Na 1ª fase cada centro debe elixir de entre todas as propostas creadas nese centro un máximo de 4 que enviarán para a fase final. O método de elección será o establecido polo propio centro.

A 2ª fase resolverase por parte da organización, ben mediante unha votación nas redes sociais, ben por medio dun xurado designado por esta.

- Todas as persoas participantes no concurso deben asinar, elas ou os seus titores legais, a aceptación do uso das súas creacións e, de ser o caso, das súas imaxes nas redes sociais ou en calquera acto promocional da campaña *Gústame o galego*.
- Calquera proposta recibida, independentemente de se resulta gañadora ou non, pode ser usada e difundida pola campaña *Gústame o galego*.

##### Prazos

As propostas seleccionadas por cada centro para competir na fase final deben ser enviadas **entre o 17 de marzo e o 28 de abril**.

CONCELLO  
DE VIGO



VIGO  
EN GALEGO

Universidade de Vigo

[www.gustame.gl](http://www.gustame.gl)

f: [gustameogalego](#) t: [gustameogalego](#)

## UNIVERSIDADE

### Viñeta

As propostas consistirán nunha ou dúas viñetas das que se entregarán os orixinais ou copias impresas no caso de estar en formato dixital. O tamaño non poderá superar os 60X40 cm e a técnica é libre.

Os traballos faránselle chegar á Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo, indicando que son propostas para o concurso Gústame o galego. Cada unha delas deberá ir acompañada dun sobre no que constarán o nome e os datos de contacto (teléfono e correo electrónico) do autor ou autora.

A elección da viñeta gañadora farase por votación aberta no Facebook de Gústame o galego: facebook.com/gustameogalego, onde se exporán todas as recibidas. Gañará a que máis gústame obteña e en caso de empate decidirá un xurado da organización. O período de votación, aínda por determinar, estará comprendido entre o 29 de abril e 31 de maio, avisarase das datas concretas no Facebook de Gústame o galego.

## PREMIO

A persoa autora do traballo seleccionado como gañador nesta categoría terá como premio a publicación deste en formato libro, nunha publicación conxunta xunto ao resto de obras seleccionadas nas outras categorías. Ademais recibirá como agasallo un lector de libros electrónicos e un lote de produtos *Gústame o galego* (mochilas, chapas e camisola).

### Entrega de premios

A entrega dos premios realizarase nunha xornada festiva á que están convidados todos os participantes.

Na cerimonia contaremos con actuacións musicais e espectáculos.

# os lemas...

Gústame o galego

Gústame a miña lingua aquí e polo mundo adiante

Gústame a miña lingua na túa boca

Gústame botar a lingua de fóra

Gústame libre e en galego

Gústame namorarte en galego

Gústame o galego ata no carné de identidade

Gústame o galego, porque te fai sexi, chic e cool

Gústame o galego, porque si, porque me peta e quero e dáme a gana

Gústame o rap, o rock, a muiñeira ou o reguetón en galego

Gústame o seseo (e a gheada, e o rotacismo...)

Gústame poder entenderme en galego con máis de 200 millóns de persoas

Gústame que @s bonec@s falen galego

Gústame que as mates, a ciencia, a tecnoloxía... sexan en galego!

Gústame que che guste a miña lingua :-P

Gústame que intentes falar galego, aínda que che custe un pouquiño

Gústame que me atendan en galego

Gústame que me digan “qrt m8” ;-)

Gústame que me entren en galego ;-)

Gústame que non me traduzan o café con leite

Gústame que non nos coma a lingua o gato

Gústame que o falar non teña cancelas

Gústame que o leite poña que é galego 100%

Gústame que os nosos nomes sexan propios

Gústame que se faga xustiza co galego

Gústame soñar en galego e espertar cun "bo día"

Gústame soñarte en galego

Gústame ter a lingua en forma

Gústame ter un punto... gal

Gústame troulear en galego

Gústame xogar en galego

Gústame o galego de primeira

Gústame o noso aniversario en galego (90 anos!)

Gústame que o vestiario fale galego

Gústame como Balaídos roxe en galego

Gústame que o galego teña unha boa canteira

Gústame cantar A Rianxeira

Gústame escoitar o galego do Ala Celta...

Gústame que a vitoria fale galego

Gústame ser seareir@

Gústame o galego nas comparencias de prensa

Gústame a billarda, a chave, os bolos celtas... o deporte tradicional e en galego

Gústame que non lle metan goles ao galego

Gústame alentar o Celta con afouteza e corazón

Gústame animar dicindo: Imos Celta! Forza Celta!

Gústame que a canteira teña presenza para que o fútbol de primeira fale galego

Gústame ver un equipo de primeira apoiando un idioma de primeira

Gústame sacar o galego do currunchu

Gústame o fútbol galego e en galego

Gústame escoitar e cantar a Rianxeira en primeira división!